

## Murado, Gelman, Manguel, Correia e DoCampo falarán na Coruña sobre a lectura

### REDACCIÓN

#### GALICIA

cultura@xornaldegalicia.com

A concelleira de Cultura da Coruña, María Xosé Bravo, e o presidente da Asociación de Escritores en Lingua Galega, Cesáreo Sánchez, presentaron onte a cita literaria do *III Encontro Cidade de A Coruña*, que se levará a cabo os días 19 e 28 de abril, e 5, 11 e 19 de maio, e no que participarán escritores como os galegos Miguel Anxo Murado e Xabier P. DoCampo, a portuguesa Hélia Correia, e os arxentinos Juan Gelman e Alberto Manguel, o secretario que lle lía a Jorge Luis Borges cando a cegueira lle impediu facelo por si mesmo.

Bravo destacou a “grandísima calidade” dos cinco escritores que, a través das súas conferencias, “ensinarán todo o que se pode descubrir coa lectura e as viaxes”. Satisfeita de poder “promover as letras” con este tipo de actividades, María Xosé Bravo tamén se referiu ao “extraordinario compromiso” que, ao seu entender, amosaron os cinco conferenciantes coa cidade.

Cesáreo Sánchez dixo que é “toda unha alegría” comprobar que este encontro se vai consolidando co que cualificou de participación de “moi alto nivel”, ao tempo que animou a “participar” a todos os cidadáns nestas conferencias, que se celebrarán sempre ás 20.00 horas na sede da Real Academia Galega, como é tradicional nestes encontros que o ano pasado faláron sobre a literatura en feminino. ■